



As aves de Ponteceso

O feito de que este tramo de costa estea incluído nunha ZEPA (Zona de Especial Protección para as Aves) danos unha idea da importancia ornitolóxica deste tramo litoral. Sen dúbida destaca todo o esteiro do río Anllóns onde podemos atopar unha gran variedade de especies, particularmente aves acuáticas e mariñas que, especialmente, recalán neste lugar no inverno e durante os pasos migratorios. O número de aves que se teñen rexistrado no esteiro do Anllóns ascende a 289 sendo, con probabilidade, o lugar de Galicia coa cifra máis elevada.

Entre as especies invernantes destacan especies comúns como o corvo mariño real (*Phalacrocorax carbo*), ardeidas como a garzota (*Egretta garzetta*) e a garza real (*Ardea cinerea*), anátidas como a cerceta real (*Anas crecca*) e o alavanco real (*Anas platyrhynchos*), os limícolas, un grupo realmente abondoso que ten na gabita (*Haematopus ostralegus*) un habitante habitual do esteiro, aínda que con frecuencia se atopa a píllara real (*Charadrius hiaticula*), a píllara cincenta (*Pluvialis squatarola*), o pilro bulebole (*Calidris alba*), o pirlo curlibico (*Calidris alpina*), a becacina cabra (*Gallinago gallinago*), o mazarico rabinegro (*Limosa limosa*), o mazarico rabipinto (*Limosa lapponica*), o mazarico curlí (*Numenius arquata*), o birulico patirrubio (*Tringa erythropus*) o birulico común (*Tringa totanus*), o Birulico bailón (*Actitis hypoleucos*), a píllara riscada (*Arenaria interpres*), etc.

Entre as gaivotas destacan a gaivota chorona (*Larus ridibundus*), a gaivota escura (*Larus fuscus*), a gaivota patiamarela (*Larus michahellis*) e o menos frecuente gaivotón (*Larus marinus*), etc.

Durante o período reprodutor chama a atención a nidificación escasa de pernalongas (*Himantopus himantopus*) durante os anos 90 e a tamén escasa e ameazada píllara das dunas (*Charadrius alexandrinus*) que como o seu nome ben indica cría nas dunas onde pon o seu niño directamente sobre o chan.



Na época de paso migratorio a lista de aves é interminable. Está formada tanto por especies de aves mariñas como o carrán cristado (*Thalasseus sandvicensis*) e acuáticas como o cullereiro (*Platalea leucorodia*) e, particularmente, limícolas como o mazarico galego (*Numenius phaeopus*), aínda que tamén son abondosos paseriformes como o chasco cincento (*Oenanthe oenanthe*) especialmente ao rematar o verán.

Cita con aves norteamericanas

Outro aspecto particularmente destacable do esteiro do río Anllóns é que por proximidade xeográfica e debido aos ventos procedentes do Atlántico, é un dos mellores puntos de Europa, tras as illas británicas e as illas centrais do Atlántico Norte, para a observación de aves norteamericanas, contabilizándose ata 26 as especies deste continente localizadas na zona. A modo de exemplo, hai que mencionar que esta é a única cita que na Península Ibérica teñen o mergullón cincento americano (*Podiceps grisegena holboellii*), a píldora dourada americana (*Pluvialis dominica*), o asubiador americano (*Anas americana*), a cerceta de carolina (*Anas carolinensis*), ou o pato bóla (*Aythya affinis*), etc.

Curiosamente, non só aparecen especies norteamericanas divagantes, senón tamén especies norteafricanas como a corredeira (*Cursorius cursor*) ou o pedreiro do deserto (*Oenanthe deserti*).

Na liña de costa máis aberta e, de xeito moi especial, na punta do Roncudo pódense observar aves mariñas practicamente todo o ano aínda que o mellor momento é durante o paso migratorio postnupcial e durante o inverno. A parte das sempre presentes gaivotas patiamarelas (*Larus michahellis*), aí habitan corvos mariños cristados (*Phalacrocorax aristotelis*) que aniñan en lugares próximos, os furabochos (*Puffinus yelkouan*), moi ameazados e que tras aniñar nas Baleares pasan con nós parte do outono e inverno; os sempre espectaculares mascatos (*Morus bassanus*) ou os veloces pentumeiros (*Melanitta nigra*).